



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE DENA.

### Artigo 1. Fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución Española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 e s.s. do R.D.Lvo. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Meaño establece a taxa por prestación de servizos no Mercado de abastos de Dena que se rexerá pola presente ordenanza, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 R.D.Lvo. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais .

### Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización dos servizos do mercado municipal pola explotación de postos de venta.

### Artigo 3. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos da taxa reguladoa nesta Ordenanza as persoas ou entidades a cuxo favor se outorguen as concesións ou autorizacións, ou en xeral quen se beneficie dos servizos.

### Artigo 4. Responsables tributarios

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas as que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

### Artigo 5. Exencións e bonificacións

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de Lei, e nos tratados internacionais.

### Artigo 6. Base imponible

1. A base imponible virá determinada polo prestación de servizos no mercado municipal.

2. A cota da taxa regulada nesta ordenanza será a resultante da aplicación das tarifas contidas no artigo 8.

### Artigo 7. Períodos impositivos e devengo

1. O período impositivo da taxa pola utilización dos servizos municipais pola explotación dos postos de venta será mensual. A taxa correspondente cuxas tarifas establécense no artigo 8 da presente ordenanza , devéngase o primeiro día do mes, salvo nos casos de alta ao longo do

período impositivo, que se producirá no momento da citada alta. As cantidades esixibles de acordó coas tarifas serán irredutibles polo período sinalado.

**Artigo 8. Cota tributaria xeral**

1. A cota tributaria mensual da taxa por prestación de servizos nos mercados municipais será a seguinte:

**TARIFA:**

- \* Postos planta baixa: 4€/m2/mes
- \* Postos Planta primeira: 2€/m2/mes
- \* Bancadas: 15€/mes

**Artigo 9. Normas de xestión**


1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar as oportunas declaracións de alta e baixa.
2. As citadas declaracións deberán ser presentadas:
  - a. Nos casos de alta, con carácter previo á súa instalación.
  - b. Nos casos de baixa, unha vez finalizada a ocupación.
3. Os cambios na titularidade tramitaranse como baixa do anterior titular e alta do novo.
4. As declaración de alta presentadas producirán unha liquidación que será notificada ao suxeito pasivo, onde se lle comunicarán os prazos e a forma de ingreso daquela. Os suxeitos pasivos quedarán incorporados ao padrón do período seguinte polos elementos tributarios declarados.
5. As declaración de baixa presentadas producirán a baixa no período impositivo seguinte.
6. A recadación da taxa cuxas tarifas establécense no artigo 8 realizarase mediante recibo, que deberá ser ingresado mediante domiciliación bancaria que autorizará o suxeito pasivo, sen que sexa necesaria a notificación individual das cotas, que se notificará o seu importe coa concesión ou autorización.

**DISPOSICIÓN FINAL**

**Entrada en vigor.-**

A presente Ordenanza Fiscal reguladora desta taxa, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data -----, entrará en vigor e empezará a aplicarse o día seguinte da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Meaño, 9 de decembro de 2009  
O Alcalde



DILIXENCIA: Póñoa eu a Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño para facer constar que a presente ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE DENA foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 14 de decembro de 2009.

Meaño, 15 de decembro de 2009  
A Secretaria-Interventora

